

# Carta de Turín

## Cidade aberta e solidaria

XAVIER QUEIPO

Fotografías Cè Tomé

Por diante tres semanas e ganas de viaxar a Italia. Así, cando collemos o tren na Gare du Midi de Bruxelas non tiñamos idea do noso destino certo, só que queríamos ir cara ao sur, ata chegar a Italia. No día a seguir, levados polos azares das combinacións ferroviarias, atravesando as últimas lindes dos

Alpes, chegamos finalmente á chaira inmensa onde se sitúa Turín, capital que foi da dinastía dos Savoia. Logo de atopar o noso camiño dende a Stazione di Porta Nuova, todo dereito pola Via Roma na dirección do centro, a cidade recíbenos cun solpor magnífico e o noso amigo Mauro, que nos espera ao saír do traballo na Piazzetta Reale para levarnos a tomar un aperitivo.

A cidade do Po e do Dora, os dous ríos que a segregan en diferentes barrios, foi no seu tempo capital da monarquía dos Savoia, e iso nótase no señorío dos moitos palacios e na planta da propia cidade, de prazas abertas e xente agradábel, de encontro de camiños que levan a Xénova e a Milán, a Xenebra e a Lyon, a Venecia e a Florencia. Torino, como os naturais lle chaman, fica nunha chaira inmensa nas faldras dos Alpes, de onde se poden ver na distancia os cumes rematados pola neve case perpetua e as nubes que traen o frío das montañas.

### 1 de Maio, día de festa dos traballadores

A cidade ten por todas partes carteis que anuncian a benvinda para os que se acheguen por mor das celebracións do Primeiro de Maio, así, con maiúsculas de festa de gardar. A cidade acorda, pois, cedo, con autobuses chegados de todo o Piamonte, de onde xorden en alegres comandos xentes con bandeiras multicores e escarapelas vermellas. Logo de



Porta Palatina

atravesar a ponte sobre o Dora e ascender ata a confluencia do Corso San Maurizio co Corso Regina Margherita que leva ata o río Po, atraveso o Viale Primeiro de Maio e xa estou ás portas do Teatro Regio, nos soportais da Piazza Castello, no corazón histórico da cidade. Unha praza ampla, cun palacio no centro e unha explanada in-

mensa, que aventura xa o carácter desta cidade, aberta en espazos e solidariedades. Avanzo algúns pasos e unha moza operaria, de aspecto xentil e fazulas coloradas, ofréceme unha escarapela vermella (o primeiro euro que gasto esta mañá). Pregúntame a miña orixe e non sabe situar Galiza no mapa ata que lle falo de Compostela, e entón tan fácil o sorriso e a referencia ao camiño mesmo nunha rapaza operaria que vende escarapelas vermellas. Entro no Café Regio a tomar un *macchiato* cun bolo e a escribir unhas liñas no meu caderno de peto.

Cando saio do café, escoito unha banda de música, a dos operarios do Trasporti Torinese, de escudo azul con touro rampante, que encabeza orgullosa a comitiva de traballadores. Moita xente con escarapela vermella e a media distancia, en actitude de desafío, unha compañía de policía armados con escudos e con cascos de samurais. Aquí vai haber leña! A banda arremete coa *Internacional*. Aparecen bandeiras coa efixie do Che Guevara levadas polos militantes máis novos, mesturados como óleo espaxado na auga nunha masa que na media supera ben o medio século. Hai mesas recollendo sinaturas a prol da auga como ben público, xente que reparte rosas vermellas, pancartas dos inmigrantes demandando un estado laico, un vello de barbas e cabelos brancos, de rostro mirrado polos moitos anos de traballo duro, illado no medio da marcha, cunha banda que di “Comunisti italiani” (non é se ca-

dra o último dos mohicanos, mais semella o último que está orgulloso de o declarar aos catro ventos), pasquíns que reclaman a fin do traballo precario, os funcionarios públicos bailando a ritmo de batucada, aparece Piero Fassino, aplaudido con entusiasmo coma se fose unha especie de renovador ou salvador da esquerda desunida, logo o sindicato da Policía (que saúda aos seus compañeiros armados), o dos operarios da construción (con moito, o grupo máis compacto), o dos obreiros metalúrxicos, o dos labregos de Piemonte, dúas bandeiras anarquistas e unha pirata, o sindicato do comercio, unha carroza con barra libre e pica discos das mocidades de esquerda, con rapaces medio barbados e rapazas soñadoras, alguén que me agasalla cun adhesivo da Sinistra Ecoloxista, unha pancarta vermella con retratos en sepia das iconas da esquerda ortodoxa: Marx, Engels, Lenin, Stalin, en grande, e unha pequena do camarada Gramsci a modo de heroe local do marxismo ortodoxo italiano, xente nova bailando ao ritmo de música étnica ou de mestura de ritmos, delirio de tatuaxes e de anelamentos visíbeis e invisíbeis, coa forza e a convicción que dan os poucos anos e, xa para rematar, unha mensaxe que se repite en bandeiras e cartaces, en pasquíns e follas volantes: “Sulla pelle il sudore ha lo stesso colore”, que mesmo recoñecendo a súa simpleza de rima, anotei polo seu significado, nunha xeira difícil para os inmigrantes, por mor da proliferación dos sentimentos racistas nesta Europa das decepcións constantes.

Gardo para sempre esas dúas horas na esquina entre Via Po e Piazza Castello observando abraiado o paso do cortexo reivindicativo pola variedade de tendencias e consignas, pola inmensa alegría na manifestación dos sentimentos, polo orgullo nas olladas e o ambiente de festa, con música e botellas, con cánticos e bailes, con xente que observa con respecto, con outra que se bica ou que se abraza, con saúdos de parte a parte das rúas, con solidariedade e con ritmo. Unha festa.

### Paseos literarios entre o chocolate e o aperitivo

Veño de familia de chocolateiros da rúa Preguntoiro, en Compostela, e as primeiras lembranzas que remontan da infancia teñen moito a ver co chocolate. As tardes de inverno dobrando papeis que máis tarde servirían para envolver as libras de chocolate Aristos, que no día a seguir saían das mans expertas do meu pai e dos seus irmáns. E tamén as mañás de labor artesanal, cando regresaba eu da escola das monxas carmelitas de San Paio de Antealtares e o meu pai me agasallaba, un pouco ás agachadas, cunha bóla de pasta de chocolate. Lembro isto, pois tiveron que pasar máis de catro

### Cando saio do café, escoito unha banda de música, a dos operarios do Trasporti Torinese, de escudo azul con touro rampante, que encabeza orgullosa a comitiva de traballadores

décadas da miña vida, para que sentado na cafetería Baratti e Milano, aquí en Turín, sentise chegado o recendo dos meus anos de nenez. Foi unha experiencia tan intensa, que creo que chorei para o interno (ese maldito costume de agochar as emocións en público herdado dos meus, xente sufridora, de máis silencios que garatuxas), mentres o meu padal facía acordar conexións nerviosas do pasado, coma nunha especie de experiencia paleo-sensorial. Aquí, neste mesmo café, ou se cadra no café Mulassano, que está nos mesmos soportais, ou no Fiorio, que se encontra cara ao río, nos soportais da Via Po, estiveron Nietzsche e Mark Twain, cando de xeito separado visitaron a cidade. Tomarían chocolate?

O paso de Nietzsche está documentado por unha placa inmensa do lado da Piazza Carlo Alberto, cando se xunta coa Via Cesari Battisti. O paso de Mark Twain lino algures, referido á súa descrición da Galleria Subalpina, onde se atopa a cafetería Baratti e Milano dende 1858<sup>1</sup>. Non fun quen de dar cun monumento que o lembrase. Se cadra o hai, que adoito viaxar sen guía e sen anguria, cos ollos e os ouvidos abertos, mais sen un plano estrito de consumidor de museos, placas, estatuas e postais.

Esta é terra de escritores, dos que a miña ignorancia só recollía ata chegar aquí a Cesare Pa-

<sup>1</sup> No meu caderno de peto está anotada unha cita de Mark Twain, de 1878, sobre Turín. Di así: Turín é unha vila magnífica. Supera en grandeza todo o que eu puiden imaxinar no pasado... As rúas son ben anchas, as prazas lousadas realmente prodixiosas, as mansións enormes, ben feitas en bloques uniformes que se aliñan dereitos coma unha seta. As beirarrúas son case tan anchas como as avenidas normais de Europa e están cubertas por pórticos sostidos por columnas e grandes piares de pedra. Pódese camiñar todo ao longo destas rúas ao cuberto, están todas abeiradas de fermosas tendas e restaurantes acolledores. Hai entre elas unha construción onde sobrancean tendas moi atraentes, cuberta dun teito en vidro, moi grande e con chan de mármore de deseños caprichosos e bonitos motivos ornamentais; na noite aluméana con gas e hai moita xente que se divirte sen facer nada especial, falando e rindo e é un espectáculo digno de ver”.

vese, do que, por certo, hai estes días unha exposición de fotografías e documentos nunha galería próxima ao Teatro Regio, e a Italo Calvino, que ben que proveniente da veciña Liguria, e con nacemento accidental na Habana, desenvolveu unha parte moi importante da súa vida literaria en Turín, arredor daquela experiencia progresista que foi a editorial Einaudi, de recoñecido prestixio. Mais logo de chegar á cidade, cóntame Mauro que aquí, a dous pasos de onde estou agora, concretamente no Corso Casale 205, pasou os últimos anos da súa vida Emilio Salgari, o creador de Sandokan (*Os tigres de Mompracen, O corsario negro, Os piratas de Malaisia*). Foi aquí, diante do río Po, que, sen se mover da casa, imaxinou os seus personaxes e as súas aventuras exóticas, que conseguiran engaiolarme cando eu neno. Tamén naceron e finaron en Turín Norberto Bobbio e Primo Levi, dous grandes da cultura italiana do século XX. Na cidade está, ademais, a sede do Premio “Ginzane Cavour”, un dos máis recoñecidos de Italia, que nun tempo recollera, para a nosa conta como pobo e como cultura diferenciados, o escritor galego Alfredo Conde pola novela *Xa vai o griffón no vento*. E celébrase un Salón do Libro de certo renome, que este ano ten o pequeno estado báltico de Lituania como país convidado. Un destes días falará no salón do libro o mesmísimo Umberto Eco, veciño da localidade de Alessandria, tamén na Liguria.

Terra de escritores e chocolate, de grandes avenidas e prazas monumentais como a Piazza Vittorio Veneto, que é a praza máis grande de Europa, segundo a mitoloxía local<sup>2</sup>. Terra tamén famosa en toda Italia polo seu costume do “aperitivo” que, a diferenza do que adoitamos entender na nosa terra galega, non é unha bebida antes da comida principal, senón que aquí o concepto se declina do seguinte xeito: logo da saída do traballo, entre as seis e as oito da noite, máis ou menos, os cafés e os restaurantes ofrecen por un prezo razoábel —o que pagas é a bebida, a un prezo mínimo fixo— toda unha selección de petiscos e de tapas para acompañar unha bebida a modo de autoservizo. Lugar de encontro tradicional entre amigos, onde literalmente se pode saír ceado e ben servido de *antipasto, risotto, pasta e pizza* ou *focaccia* (un pan con óleo e ourego, tradicional desta zona). Outra vez, segundo a mitoloxía local<sup>3</sup>, en Turín están os mellores “aperitivos” de toda Italia. Puidemos probar os específicos de clase media (como La Drogheria, na Piazza Vittorio Veneto), restritivos no acceso (como os dos varios clubs de remo, como o Arminda), artísticos “gauche divine” (como o do Caffè Chinese, na Via Santa Chiara) ou populares como o do Pastis (na Piazza E. Filiberto). Se

tivese que regresar a un deles nunha futura viaxe, quedaría co último dos citados, onde a comida era excelente e non te ollaban de esguello se enchías o prato máis dunha vez.

A literatura estivo presente nos paseos polas ribeiras do Po e do Dora, no ascenso ao Monte dei Capuccini, na visita á Fiera Internazionale del Libro, na visita á exposición sobre Cesare Pavese e a súa cidade, na visita ás varias librarías e nas adquisicións como *Breviario per nomadi*, de Beltrami Vanni e *Al sole dell’India*, de Guido Gozzano. Este libro, escrito por un mozo turinés de principios do século XX, conta de xeito exquisito a súa viaxe por terras da India e de Ceilán, pois era costume naquel tempo, na educación das clases acomodadas, facer unha viaxe de longa duración para coñecer o mundo e as súas marabillas antes de pensar en casar e asentarse na sociedade e nos negocios da familia. Recollo unha pequena pasaxe para compartir parte do abraio que me causou: “un cieco ha intagliato sulla zanna intera di un elefante tutta la leggenda di Rama; e gli episodi si svolgono a spirale, in gruppi non privi di vivezza e di grazia, con un’arte che ricorda i nostri primitivi”. Hai unha fascinación de Italia polo Oriente, que vén dos tempos das viaxes de Marco Polo relatadas no seu libro *Il Milione*, que reaparece na fantasía desbordante de *Le città invisibili*, de Italo Calvino, e que se perpetua nos innúmeros libros de viaxes e de fotografía, de relixión e de antropoloxía que se poden atopar nos trinqués das librarías italianas. Lembro estar de visita no Siam, xa tantos anos pasados, e ao falar entre nós e recoñecer os locais un sotaque de lingua romance, chamaban por nós berrando “italiani, italiani”, o que non deixaba de nos resultar simpático e que vén reafirmar a vocación viaxeira dos italianos.

Quedan moitas cousas que contar do carácter literario da cidade, como sempre acontece na explicación sumaria das viaxes, mais non quixera deixar de citar o paso por estas terras dalgúns outros escritores e pensadores famosos. O barón de Montesquieu dedicalle un capítulo enteiro da súa *Viaxe en Italia*. Jean-Jacques Rousseau foi absolto do delito de herexía na Igrexa de San Domenico e visitou a Basílica de Superga, nas aforas de Turín, recollendo en *Émile ou de l’éducation* a descrición da magnífica vista de Turín dende o outeiro de Superga. Liev Nikolaievich Tolstoi, un dos máis grandes da literatura rusa de todos os tempos pasou por aquí en 1857 —cen anos antes de que quen isto escribe nacesse— e adorou os teatros e os cafés, sentíndose a gusto nunha cidade nova, forte e libre. Henry James, que visitou Turín en 1877, levou un bo recordo da cidade que o acolleu con bo tempo e suxestivas cores, mais non dos seus monumentos, que considerou





Tranvía a dentiera Sassi-Superga

sen interese, chegando a referir: “Turín non ten arquitectura, nin igrexas, nin monumentos, nin decorados románticos”.

### Museos, mercados e arredores

Unha das primeiras cousas que fago ao chegar a unha cidade é informarme de que museos poden ser de interese excepcional, de onde se sitúa o mercado e de se hai nos arredores da cidade —accesíbel nun tempo razoábel e por transporte público— algún lugar que pague a pena ser visitado. Ás miñas preguntas, Mauro, o noso anfitrión, respondeu certo: entre os museos, o de Exipto, dos arredores a Venaria Reale, a Basílica de Superga e o Monte Rivoli, e o mercado —baleiro nesta hora tardía— iámolo cruzar no camiño á casa, atravesando a Contrada de Guardainfanti, a Porta Palatina e entrando no barrio de Balone, chegando ás marxes do Fiume Dora, e de alí cara ao Corso Palermo, onde teríamos a nosa residencia.

O Museo de Exipto<sup>4</sup> é o segundo mellor do mundo relativo á cultura do Exipto Antigo, cedendo o primeiro lugar ao Museo do Cairo. Ideal

<sup>2</sup> É ben certo que non percorrín toda Europa nin moito menos, mais eu ben sei que nunca estiven nunha praza tan grande na miña vida, ou cando menos nunha na que tivese unha percepción de grandiosidade semellante.

<sup>3</sup> Hans Magnus Enzensberger, no seu relato de viaxes “The Extravagance of the Italians”, publicado pola revista *Granta* en 1989, recolle este localismo extremo como unha das características máis sobranceiras da sociedade italiana, que el explica pola unificación “tardía” de Italia, polos moitos focos de poder existentes ata a unificación (Xénova, Venecia, Nápoles, etc.) e pola persistencia dun sentimento de “pertenza” moi ligado ao lugar de nacemento, de xeito que un natural de Liguria, será sempre de alí mesmo que viva en Roma ou Sicilia, e un sardo sentirase sardo toda a súa vida mesmo que abandone a illa de neno e viva sempre na península ou noutro país.

<sup>4</sup> Situado na Via Academia delle Scienze, recibe o nome oficial de Museo delle Antichità Egizie, mais todas as indicacións urbanas e a xente refírense máis simplemente como Museo Egizie.

pois para visitar nun día de chuvia coma este, onde as actividades ao aire libre son menos doadas. Por seis euros permítennos o paso e ficamos co recordo da entrada onde se ve un busto do faraón Ramsés II, pertencente ao Novo Reino (1279-1213 a. C). Hai no museo tantas pezas que case non hai espazo para deambular. As salas están acotío mal iluminadas, o que non permite fotografías de gran calidade. En innúmeras vitrinas exhibense papiros e xoiería, instrumentos da vida diaria e vasos para as celebracións, estatuas de todos os tamaños, formas e materiais onde destacan as magníficas esculturas en basalto representando as máis variadas divindades do panteón exipcio, ánforas mortuorias e momias perfectamente conservadas, escaravellos sagrados e xoguets de nenos ricos, xeroglíficos e reproducións a escala de cámaras mortuorias, deseños do interior de pirámides e túmulos, vestidos, fibelas, abelorios, ferramentas, aparellos cirúrxicos, tapices, frescos, mapas, louza e todos os complementos necesarios para a vida doméstica ou o tránsito ao outro mundo<sup>5</sup>.

O mercado central é inmenso, mais para o meu goberno só precisaba de froita e daquela pasei sen deter os meus pés nas seccións de teas, complementos, peixe e carne. Había un non sei que de perigoso, que invitaba a ir a tiro fixo coma se un fose un habitual, coma se o coñecésemos de sempre, non poñer cara de turista accidental e ter boa conta da carteira. Son cousas que se perciben ou que non, segundo sensibilidade e acumulación de experiencias vitais. Isto confirmouse en dúas ocasións nos vinte minutos escasos que me levou visitar tres postos de froita (dous quilos de laranxas por 3 euros, un quilo de bananas por 0,80 e medio quilo de amorodos por 1), pois asistín a dous incidentes de roubo polo método do “tirón”. Saín, pois, cargado de froita por cinco euros e algo decepcionado polo ambiente no mercado. Adoito visitar os mercados para testar o pulso da cidade, para coñecer a súa variedade étnica e de costumes culinarias, para sentir recendos e cores, para detectar aquí e alá unha mercadoría chegada do alén mar ou procedente dunha colleita local, para admirar as presentacións diversas do peixe e a cortadoría específica de certos animais, para admirarme con froitas nunca vistas ou animais xamais imaxinados como alimento potencial. Todo isto marreino esta volta polo ambiente “tenso” que sentín no mercado, que me aconsellou deixar a contemplación para cando estivese en compañía ou tivese outra seguridade no xeito de camiñar que non delatase a miña condición de acabado de chegar.

Dos arredores aconselláronnos unha ducia de lugares, mais o tempo é limitado e visitamos só tres: La Venaria Reale, a montaña de Rivoli e a

basílica da Madonna de Superga. Non vou describir en detalle os tres lugares, cadanseu visitado nun día diferente e cadanseu cos seus encantos particulares.

La Venaria é unha pequena vila nas proximidades de Turín e para chegar a ela imos atravesando barrios onde a cidade perde a súa personalidade. Son barrios obreiros, iguais en todo aos que se poderían atopar en Londres ou Barcelona, en Madrid ou París. Barrios de bloques impersoais, de vellos tomando o sol nas bancadas dunha eira que no seu día foi un xardín, de nenos xogando nas rúas ou nos restos de parques infantís que un día tiveron balancíns e tobogáns, de máis bares que tendas, desprazadas estas en grupo ao linde da periferia a xeito de grandes superficies para o consumo das clases populares. Logo dalgúns quilómetros de tráfico infernal chegamos a unha praza que se abre a unha rúa peonil, e xa mesmo estamos no Borgo, ou vila, unha das catro seccións —Borgo, Reggia, Giardini e Parco—, que compoñen o conxunto de La Venaria Reale, finca de recreo e lugar de caza dos Saboia, de rúas e fachadas tan ben preservadas que se non fose polos trinques das tendas e por como viste a xente, se diría que un pasea por unha vila do século XVIII, como fora concibida polo arquitecto Amadeo de Castellamonte por encargo do duque Carlo Emanuele II de Saboia. Avanzando pola rúa central chégase á Reggia ou residencia dos duques de Saboia, actualmente en restauración mais magnífica nas súas proporcións barrocas, inmensa na altura dos seus teitos e na vista que dende ela se ten dos Alpes (“Fa infine, da sfondo... in coro festante de le Grande Alpi”, como se pode ler nun folleto co que agasallan na entrada de La Venaria). Non podía faltar unha breve visita á igrexa de Sant’Uberto, patrón dos cazadores, auténtica xoia arquitectónica do Barroco, obra de Filippo Juvarra, arquitecto chamado á mantenta polo rei para facer de Turín unha capital europea do século XVIII, coma de feito conseguiu. Paseamos logo polos xardíns e polo bosque próximo e o impresionante Parco de La Mandria, onde fican en pé edificios que outrora foran dependencias do palacio, cortes para os cabalos e almacéns para carruaxes e mercadorías.

Noutro día achegámonos en autobús suburbano ata o Castello di Rivoli, que fica nun outeiro afastado do centro da cidade, onde hai unha vila pequena e fermosa, se cadra unha chisca turística demais, con engados para os viaxeiros, un museo de arte contemporánea, pechado por reformas ou ao que chegamos tarde para visitar —xa non recordo— e un castelo dos moitos que polo Piemonte teñen espallados os Saboia. A vista dende o outeiro domina a chaira onde se asen-

ta Turín e deixa ver ao lonxe as faldras e os picoutos nevados dos Alpes. Un gozo para os sentidos que localizan afastadas abadías que suxiren lendas e historias ben contadas como na que o seu día Umberto Eco recreou na súa novela *Il nome della rosa*. Un gozo de recendos nesta primavera expansiva, que fai que un se sinta realmente de vacacións, desafogado de traballo e coa enerxía renovada.

No outro extremo da cidade, a visita á Superga ten o engado de se facer subindo polo “Tranvía a dentiera Sassi-Superga”, un funicular que en vinte minutos nos levou nun percorrido de algo máis de tres quilómetros ata a cima do monte que cos seus 425 metros domina Turín polo sur. No cumio sitúase a Basílica de Superga, lugar de repouso eterno da dinastía dos Saboia. A vista da cidade é fantástica e dende alí semella minúscula coma se fose unha maqueta e non real. sorprende que a maior parte dos visitantes que se deteñen na basílica pasan logo á súa parte posterior onde hai un lugar de peregrinación insólito: unha cruz que lembra os nomes dos xogadores de fútbol do Torino (xunto coa Juventus, os equipos de fútbol da cidade) que na fin da década dos corenta morreron nun accidente aéreo, cando regresaban en avión de xogar un partido internacional<sup>6</sup>. Chama a atención que hai máis flores e máis ofrendas, máis papeis con mensaxe e máis agasallos para os futbolistas que para os santos, ancorados na súa tristura na basílica de Superga.

## Cea no “Psicolabili”

Nos arredores da casa de Mauro, non sabería dicir o nome da rúa, sei que hai que atravesar a rúa de Palermo e xa logo de dúas ou tres voltas se descobre —sabería chegar, supoño— unha “cocina popular”. Logo de atravesar un pequeno corredor e unha sala comedor baleira e algo triste, chegamos a unha estancia cuadrangular onde se dispoñen varias garrafas de viño sobre unha mesa e alguén pide dous euros por cabeza para pagar a comida. Pasamos a un patio e alí, nunhas mesas de mantel de hule e asentos corridos, compartimos mesa con varios membros da esquerda radical da cidade, xentes nostálgicas doutras sensibilidades ou librepensadores do presente. De tanto en tanto alguén vai depositando nunha mesa libre, pizza margarita e pasta con óleo e con olivas, ensalada ou pratos de queixo, berenxenas grelladas e tomate con ourego. Os comensais erguemos das cadeiras e enchemos o prato tantas veces como nos dea o corpo daquelas viandas simples. A particularidade desta cocina popular, templo da solidariedade, un xeito de pensar que xa non se leva neste mundo de velocidade única, é que a atenden os “psicolabili”<sup>7</sup>, é dicir un grupo

de enfermos mentais que teñen nesta actividade unha terapia ocupacional. Restos sen dúbida das correntes de “antipsiquiatría” que, con Franco Basaglia á cabeza, fixeron furor no inicio dos anos oitenta e que serviron para baleirar os hospitais psiquiátricos<sup>8</sup> de media Europa.

## Xeados e despedidas

Se o café e o chocolate son as bebidas quentes por excelencia de Turín e onde conseguiron unha mestría particular, nos xeados afinaron ben o punto e constitúen unha das especialidades da cidade. Non sei cantos sabores experimentamos e cantos lugares maravillosos descubrimos paseando polas rúas da cidade cun xeadado na man e a cámara sempre atenta nos intervalos. Comemos tantos que se podería relatar cada unha das tardes polos intervalos entre xeadado e xeadado. A calor axudaba, mais se cadra puido máis a novidade nos sabores, a prodigalidade nas racións e o feito de saberse de vacacións sen nada que facer por tres semanas consecutivas, que nos devolve as xeiras queridas da infancia, onde nas vacacións do colexio todo era lentitude e ausencia de obrigas.

Despedirse foi difícil mesmo que nos fóssemos coa promesa —cumprida oito días despois— de regresar. O día sete de maio, logo de varias dúbidas sobre o camiño a seguir, mercamos dous billetes de tren con destino a Xénova, lugar onde nos esperaba un concepto distinto de cidade, o mar Mediterráneo, uns amigos distantes e a lembranza dunha tradución que eu fixera sete anos atrás dunha novela do escritor franco-libanés Amin Maalouf, que centra parte da acción en Xénova.

Mais esa, a visita a Xénova, é outra historia ■

<sup>5</sup> Eu non imaxino nada que me poida prestar para o tránsito final, pois supoño que viaxarei nu, como a este mundo cheguei e nas máis das horas vivín, mais respecto gustos e culturas diversas.

<sup>6</sup> Foi o catro de maio de 1949 e os 18 xogadores do primeiro equipo viñan de xogar un encontro internacional amigábel contra o Benfica de Lisboa. Logo de gañar cinco *scudettis* (campionato italiano de liga) consecutivos, era con moito o mellor equipo de Italia, de xeito que da selección italiana, dez dos once xogadores xogaban no Torino. Como anécdota dicir que un ano despois, cando se celebrou o Campionato do Mundo de fútbol no Brasil, a selección italiana viaxou en barco!

<sup>7</sup> “Xente de mente feble ou mudábel”.

<sup>8</sup> Chamados vulgarmente “manicomios” son os lugares onde se encadea a diferenza e se maltrata a excentricidade, onde se trata con *shocks* eléctricos aos catatónicos e se condena á alienación aos depresivos. Disimulen a confidencia, mais traballei varios meses nun psiquiátrico-prisión, con enfermos crónicos, e as imáxenes quedaron gravadas de por vida.